



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Romance tradicional: O paragüeiro A maestra e o chispante

Viña dicindo unha nena
nun coche de Trabadense
que para ser buen paragüero
hai que nacer en Ourense.

Por exemplo a nosa filla
que foi tan dura da testa
moito traballo nos dou
pra estudiala pra maestra.

I estando poñendo escola
no valle de Laurensana
sentiu vocear un chispante
e asomouse a unha ventana.

Puxéronse de palique
e de modo e de maneira
que ó pouco tempo o chispante
decía desta maneira:

“Grazas a Dios que encontrei
con unha rapaza lista
que comprende que pra arreglos
non os hai como os da chispa”.

Arregloulle unhas tarteiras,
tapoulle unhas porcelanas
e entroulle na habitación
e pintoulle unha carteira.

Varios alaxes de ouro
e un gabán de terciopolelo
pero peor aínda foi
que lle amañou un pequeno.

Deixoulle a roda na casa
varios talecos de cuero
porque si salía home
que aprendese a paraghüero.